

Para os máis novos

Nata y chocolate de Alicia Borrás. Anaya




Sonia é unha nena calada, triste e solitaria. A razón é que os seus compañeiros se meten con ela por ser albina; Lola mesmo a obriga a facerlle os deberes. Ninguén parece decatarse ata que unha nova profesora chega ao centro e decide cambiar a situación que vive Sonia.



Memorias dunha vaca de Bernardo Atxaga. SM

Mo é una vaca reflexiva e divertida que decide escribir as súas memorias para non caer no esquecemento. Mo retrocede até os anos corenta, despois da guerra civil española e dá unha visión do mundo rural vasco naqueles anos.



Las aventuras de Tom Sawyer de Mark Twain. Anaya


Tom e o seu amigo, Huckleberry Finn, vivirán aventuras das que sempre sairán airosos antes de entrar no mundo dos adultos.

GUÍA DE LECTURA NADAL 2011

Biblioteca IES A Xunqueira II


Novela gráfica

A historia de Erika de Roberto Innocenti e Ruth Vander Zee. Kalandraka



Veñen de cumprírense 60 anos da liberación dos campos de exterminio nazis. Erika contanos a súa historia para lembrarnos que a mellor maneira de que non se repita é manter viva a memoria.

Negrihna de J. C. Camus e O. Tallec. Norma Editorial



María é filla dunha muller negra, unha negrihna. Pero María non é como a súa nai, é "morena", case branca. Por iso pode vivir preto da praia e ir a un bo colexio. Pero o sangue das favelas corre polas súas venas.

A partir de 15 anos

Todo é silencio de Manuel Rivas. Xerais



Todo é silencio narra o irresistible ascenso social de Mariscal, un capo contrabandista, e das almas que habitan Brétema, o universo que domina ao seu antollo.



A Praia dos afogados de Domingo Villar. Galaxia


Apaixonante novela de intriga que mergulla o lector no mundo da Galicia mariñeira, desde os areais das Rías Baixas á paisaxe urbana e as tabernas da cidade de Vigo.



Riña de gatos de Eduardo Mendoza. Planeta

Un crítico de arte inglés chega a bordo dun tren ao Madrid convulso da primaveira de 1936. Deberá autenticar un cadro descoñecido, propiedade dun amigo de José Antonio Primo de Rivera.


DIVULGACIÓN CIENTÍFICA



Mi primer libro de la prehistoria, de **Juan Luis Arsuaga**. Espasa Calpe 2008

Ameno recorrido pola árbore evolutiva da especie humana, dende os primeiros homínidos ata o homo sapiens.

Eso no está en mi libro de ciencias de **Kate Kelly**. Editorial Almuzara



Anécdotas e historias que nos presentan outra cara da ciencia e dos seus xenios. A autora fálanos de inventos, achados e tecnoloxías que están moi presentes na nosa vida cotiá.

Asesinatos matemáticos de **Claudi Alsina**.

Ariel




Recompilación dos principais erros matemáticos que cometen xornalistas, políticos, famosos de todo tipo e mesmo recoñecidos científicos.


Los Niños Preguntan, los Premios Nobel Contestan de **Bettina Stiekel**. Paidós



Por que os flans son brandos e as pedras son duras?, por que hai ricos e pobres?, por que non podo vivir de patacas fritas nada máis?, por que é azul o ceo?, que é o amor?, terei pronto un dobre idéntico a mín?, por que se me esquecen algunas cousas e outras non?, canto tempo seguirá xirando a Terra?...



El gran libro de los animales de **Henning Wiesner y Günter Mattei**. Edaf
Un recorrido polo fascinante mundo dos animais e os zoos.



Ciencia al cubo de **América Valenzuela**. Temas de hoy
Este libro móstranos todo tipo de curiosidades cotiás rarezas da natureza, misterios e secretos do universo, así como explicacións amenas dos achados científicos máis relevantes dos últimos tempos.

Los elementos **VV. AA.** Vox




Organizado por orde de aparición na táboa periódica, o libro presenta cada elemento cunha gran fotografía do elemento puro (sempre que sexa posible). O texto que acompaña cada dobre páxina conta a historia do elemento.



La evolución del talento de **José Mª Bermúdez de Castro**. Debate
Bermúdez de Castro, uno de los directores de la excavación de Atapuerca desde sus inicios, vuelca aquí todos sus conocimientos sobre evolución humana para explicar cómo sus distintos avatares fueron modulando el cerebro humano, desde su tamaño a sus capacidades.

La ciencia de Sherlock Holmes de **E. J. Wagner**



Los avances de la medicina forense a través de los casos del famoso detective **creado por** Arthur Conan Doyle.